

Día da Paz 2020

ESCOITA

Nun mundo cheo de ruído

Quizáis sexa bo parar

Para escoitar o silencio

Ter tempo para pensar.

Cada palabra, cada sílaba, cada xesto

do outro ten valor

aproveita, cada momento

merece a túa atención.

Escoita por aquí,

escoita por alá,

escoita aos teus maiores

e á natureza falar.

Defende o diferente, o pequeno

e faite escoitar

e non mires cara outro lado

así construirás a PAZ.

Escoita por aquí,

escoita por alá,

escoita aos teus maiores

e á natureza falar.